



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Anuncio

Resolución do 22 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "Celeiro" núm. 366, situada no termo municipal de Mondoñedo na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "Celeiro" núm. 366, situada no termo municipal de Mondoñedo na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería (<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>). As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 22 de decembro de 2021.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0086

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

Corrección de erro:

No BOP número 016 de data 21 de xaneiro de 2022, publicase EDICTO para notificar colectivamente a liquidación dos ingresos públicos dos Concellos de Pol, A Pontenova, Navia de Suarna e O Páramo.

É necesario facer a corrección sobre onde poderán ser consultados polos interesados os Padróns da Cobranza de Taxas, que é na Ronda Muralla, número 140- Pavillón 1- C.P. 27004- Lugo.

O edicto quedará redactado segundo o seguinte contido:

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
POL	4º-trimestre-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

A PONTENOVA	3º-trimestre-2021	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	4º-trimestre-2021	Taxa de recollido de lixo
O PÁRAMO	4º-trimestre-2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	4º-trimestre-2021	Taxa polo subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, número 140- Pavillón 1) C.P. 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente,

P. D. Decreto, de data 24/07/2019

Lugo, 21 de xaneiro de 2022.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas,
Mayra García Bermúdez.

R. 0107

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 12 de Xaneiro de 2022, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2021:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2021).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interpoñer recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderará ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 24 de Xaneiro de 2022 ata o 24 de Marzo de 2022. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 17 de Xaneiro de 2022.- O Alcalde, José María Arias Fernández.

R. 0087

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/12/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 22 de decembro de 2021 ata o día 21 de febreiro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 21 de decembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 88

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 03/01/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a decembro 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes decembro 2021 terá lugar neste municipio dende o día 23 de decembro de 2021 ata o día 22 de febreiro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 3 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0089

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 12 de xaneiro de 2022, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 6º bimestre de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da

publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de xaneiro e o 15 de marzo de 2022.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a data de sinatura de 2022.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 0090

PORTOMARÍN

Anuncio

Por medio da presente publícase Resolución da Alcaldía de data 19-01-2022 que tanscripta literalmente di:

De conformidade coas atribucións que me outorga o artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e lexislación concordante e unha vez creada a Xunta de Goberno Local, por acordo plenario de seis de novembro de dous mil vinte e un, ACORDEI:

Primeiro: Que conformarán a Xunta de Goberno Local, xunto co Sr. Alcalde que a preside, os Ttes de Alcalde:

D. José Manuel López González, Primeiro Tenente de Alcalde.

D. Juan Carlos Serrano López, Segundo Tenente de Alcalde.

e o concelleiro:

D. Victor Manuel Vidal Martínez.

Segundo: Que a Xunta de Goberno Local, terá como atribucións as seguintes:

a).- Asistencia ao Alcalde no exercicio das súas funcións.

b).- As atribucións delegadas por o Pleno a seu favor en sesión de vinte e oito de xuño de dous mil dezanove.

c).- As atribucións que delego na mesma na forma en que dispón o artigo 43.2 do ROF da Entidades Locais e que son:

c.1.- A autorización e disposición de gastos, a excepción dos seguintes:

c.1.1.- As que se refiran ó pagamento de nóminas de persoal, pensións, contribucións, administración e cobranza de exaccións, pagamento de amortizacións e intereses de préstamos, primas de seguros, recollida de lixo, anuncios, subscricións, material de oficina, mantemento de equipos e programas informáticos, seguridade social, correspondencia postal, telegráfica e telefónica e cargas, taxas e impostos doutras administracións.

c.1.2.- As motivadas por indemnizacións e gastos a membros corporativos no exercicio das súas funcións, así como gastos de locomoción de corporativos e funcionarios.

c.2.- A solicitude de inclusión de obras en Planos Provinciais, da Comunidade Autónoma ou de outras Administracións.

c.3.- A solicitude de delegación de competencias para a contratación e execución de obras e servizos con outras administracións.

c.4.- A aprobación de proxectos técnicos e memorias valoradas cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento. Exceptúanse os proxectos técnicos e memorias valoradas cuxa contratación se leve a cabo na modalidade de contrato menor que quedan como competencia propia da Alcaldía.

c.5.- O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, agás as licenzas para a celebración de festexos populares, as licenzas definitivas de apertura de establecementos, as licenzas de expedientes sometidos a avaliación de incidencia ambiental, as licenzas de ocupación de terreo público e a toma en razón de comunicación previas de inicio de obras menores e inicio de actividades.

c.6.- A declaración de caducidade e de prórroga das licenzas, agás as prórrogas das comunicación previas de inicio de obras menores.

c.7.- A emisión de informes urbanísticos nos termos establecidos na lexislación vixente.

Por razón de urxencia a Alcaldía poderá avocar estas competencias, dando conta do acordo adoptado a Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os 2º e 4º venres hábiles de cada mes ás 13:30 horas. Se un día cadrase inhábil, a sesión celebrarase o martes seguinte á mesma hora, no caso de que coincidisen no mesmo día e hora unha sesión plenaria e unha sesión da Xunta de Goberno Local esta última trasladase as 12:00 h do mesmo día.

Cuarto.- Do presente decreto dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose aos designados e publicar no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura desta Resolución por o Alcalde.

Quinto.- Quedan derogados os Decretos e Resolucíons, así como calesquer outra disposición que se opoña o contido do presente Decreto.

O manda e asina o Sr. Alcalde.

O que se fai público para xeral coñecemento e efecto.

Portomarín, 19 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0091

SAMOS

Anuncio

RECTIFICACION ERRO

Visto e advertido erro no anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, aprobada polo acordo do Pleno Municipal, en sesión extraordinaria de data 11 de novembro de 2021, e publicada no B.O.P. nº 299 de data 31/12/2021, se procede á rectificación do mesmo que quedaría como segue :

“ Onde dí:

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 da cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite, a favor dos inmóbles que constituán o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

- 1. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.*
- 2. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.*
- 3. Acreditación de que o inmóble obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.*
- 4. Acreditación de que o inmóble obxecto da bonificación non forma parte do inmóbilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.*

5. *Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.*

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción.

En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.

2.- *As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do*

Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- *Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto de Vivenda e Solo.*

- *Fotocopia da escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude.*

3.- *Establecese unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

4.- *Establecese unha bonificación do 50% da cota a favor das vivendas de protección oficial*

unha vez transcorridos os tres anos desde o outorgamento da cualificación definitiva. A duración da presente bonificación será de 3 anos.

Para obter esta bonificación será necesario presentar:

1. *Escrito de solicitude.*

2. *Certificado de que o devandito inmovible é o domicilio habitual do solicitante.*

5. *Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:*

- *Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*

- *Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*

- *Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmovibles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplien as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

6. *As bonificacións establecidas neste ARTIGO non serán compatibles entre si nin acumulables."*

Debe dicir:

"ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1.- *Gozarán dunha bonificación do 50 da cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite, a favor dos inmovibles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.*

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

1. *Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.*

2. *Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.*

3. *Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.*

4. *Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.*

5. *Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.*

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción.

En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.

2.- *As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.*

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- *Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto de Vivenda e Solo*

- *Fotocopia da escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude*

3.- *Establecese unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

4.- *Establecese unha bonificación do 50% da cota a favor das vivendas de protección oficial unha vez transcorridos os tres anos desde o outorgamento da cualificación definitiva. A duración da presente bonificación será de 3 anos.*

Para obter esta bonificación será necesario presentar:

1. *Escrito de solicitude.*

2. *Certificado de que o devandito inmovible é o domicilio habitual do solicitante.*

5. *As bonificacións establecidas neste ARTIGO non serán compatibles entre si nin acumulables."*

En Samos, 19 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0092

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 03/12/2021 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do Regulamento de funcionamento das vivendas comunitarias I e II do Concello de Samos .

E en cumprimento do disposto no artigo 49 da lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 18 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0093

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 03/12/2021 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do Regulamento de funcionamento do apartamento tutelado do Concello de Samos .

E en cumprimento do disposto no artigo 49 da lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 18 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0094

SOBER

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2022

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2022, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2021, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 2.783.910,58 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.295.697,67 €	Cap. 1.- Impostos indirectos	790.000,00 €
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	840.827,66€	Cap.2.- Impostos indirectos	25.000,00 €
Cap. 3.- Gastos financeiros	1.400,00 €	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	343.261,79 €
Cap. 4.- Transferencias correntes	60.200,00 €	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.218.701,93 €
Cap. 5.- Fondo de contingencia y otros imprevistos	9.643,30 €	Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	11.000,00 €
Cap. 6.- Inversións reais	556.904,27 €	Cap. 6.- Alleamento de inversións reais	- €
Cap. 7.-Transferencias de capital	- €	Cap. 7.-Transferencias de capital	395.946,86 €
Cap. 8.- Activos financeiros	- €	Cap. 8.- Activos financeiros	- €
Cap. 9.- Pasivos financeiros	19.237,68 €	Cap. 9.- Pasivos financeiros	- €
TOTAL GASTOS	2.783.910,58 €	TOTAL INGRESOS	2.783.910,58 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobalo cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

CADRO DE PERSOAL:

PERSOAL FUNCIONARIO

- 1 Secretaría- Intervención.

- 1 administrativo/a.

- 1 auxiliar administrativo.

PERSOAL LABORAL:

1.- PERSOAL LABORAL FIXO:

- 1 bibliotecario/a
- 2 operarios servizos múltiples
- 1 operario depuradora-potabilizadora
- 1 operario limpeza
- 1 axente de emprego e desenrolo local
- 1 traballador/a social
- 1 educador/a de familia
- 1 orientador/a laboral
- 1 animador/a sociocultural

2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

- 1 traballador/a social
- 2 director/a escola de música
- 6 profesor/a escola de música
- 8 auxiliares de axuda a domicilio

3.- PRAZAS OBXETO DE PROCESO DE CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO QUE PASARÁN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A PERSOAL LABORAL FIXO AO REMATE DO CITADO PROCESO:

- 2 profesor/a PAI
- 1 educador/a infantil PAI
- 8 auxiliares de axuda a domicilio

Sober, 24 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0119

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/37798

C.M.V.M.C de Toca, con D.N.I.***1581**, solicita autorización para la repoblación dentro de la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Río de Ferreira, Rego de Valcorveiro

MARGEN / RIBERA: izquierda y derecha

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A PLANTAR: 4000 árboles (abedules, cerezos y castaños)

LUGAR: Parcela 2971 del polígono 10

PARROQUIA: Renche (Santiago)

TÉRMINO MUNICIPAL: Samos

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 17 de enero de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0095